


Pequeno Dicionario Nacional-Popular

[Ceibe, 1978-1979]

Limiar de Bautista Álvarez



Fundación
Bautista Álvarez
de Estudos Nacionalistas



Pequeno Dicionario Nacional-Popular

[Ceibe, 1978-1979]

Limiar de Bautista Álvarez

Fundación
Bautista Álvarez
de Estudos Nacionalistas



Limiar

Se non fose acreedora doutros méritos a Asemblea Nacional-Popular Galega polo papel que xogou durante os anos da transición política, sería abondo o seu traballo a prol de introducir na sociedade galega a conciencia nacionalista para merecer o recoñecemento da nosa historia. Aportou unha práctica política de sensibilización social e tamén, como premisa fundamental, esforzouse na clarificación e formación ideolóxica da militancia encargada de transmitir a mensaxe patriótica. Exemplo disto, o opúsculo que ofrecemos e que, igual que o foi hai trinta anos, debería ser obxecto de estudo e análise de todos os nacionalistas. Recóllese nel o resumo dunha teoría emanada dos duros anos de loita, pero máis necesaria como guieiro cando o movemento corre o risco de ser vencido pola molicie política. Porque molicie é pensar en recoller

cando non se tomou o traballo de sementar. Se a metáfora resulta enigmática, coidadiño. Pode ser que a teoría ideolóxica estea baixo mínimos.

As razóns do nacionalismo non son as que dá como válidas a legalidade imposta. ¿Que vale máis, a lei ou a razón? A nación galega fundaméntase en bases obxectivas. A deles -a española- na ambición. Debemos saber que intereses condiciona a estrutura do Estado. Que non é neutral nin independente. Que ten amo. Mesmo no chamado eufemisticamente democrático o teórico dono dorme durante catro anos mentres os da vara gobernan todos os días. Convenzámonos de que os intereses non son comúns senón de clase. Que a descentralización autonómica é unha fraude que pretende desviar o nacionalismo por un camiño equivocado. Que o idioma propio de Galiza é o galego, e que o español é unha lingua allea. Esta é a doutrina que contén un catecismo que todo catecúmeno nacionalista debe coñecer.

Cando se ignora, córrese o risco de facer política cos argumentos que se atopan no monte comunal, ou tomar como rival o adversario. Moitas campañas electorais son reflexo dun perigo que se debe combater. Ollemos para fóra. O nacionalismo catalán acaba de imprimir unha dialéctica propia ao debate político. Desde a tribuna tamén, pero sobre todo desde a rúa, xa que a tribuna o único que fixo foi recoller o que previamente sementara na rúa. A crise

non debe falar da mesma maneira no Parlamento Galego ca no Congreso de Madrid. Para os galegos o estado do benestar pasa por un Estado propio, e propio tamén debe ser o discurso nacionalista. É frecuente descualificar esta alternativa desde varias fronteiras coa recepción que a mesma ten na sociedade. Saibamos defendernos. Estamos co pobo non para servirmos del senón para conciencialo. Non foi Galileo quen recuou na súa teoría, considerada herética e demencial pola mentalidade da época. Se a rotación da terra arredor do Sol dependese da aceptación popular que tivo a tese do astrónomo italiano, o mundo seguiría paralizado no medievo. Revolucionario foi o profesor de Pisa, e revolucionario aspira a selo o movemento nacionalista.

Sexamos máis concretos para ser sermos máis didácticos. Se os tempos duros fixeron medrar a conciencia nacional, a molición pode destruíla. O nacionalismo escolleu moitas vías para penetrar no pobo. A institucional é unha delas pero non a única. Pode ser esta máis gratificante do punto de vista persoal, pero corre o risco de volverse en contra dos obxectivos aos que debe servir. A poucos lles apetece seguir os pasos de Alexandre Bóveda ou Moncho Reboiras. Son moitos os que ambicionan un escano, e se vai acompañado doutros atributos moito mellor. Aquí está o perigo. Cambiar a mensaxe propia pola allea, pola que garante mellor acceso e permanencia nas institucións. Interpretación esta que ademais de traidora resulta equívoca. Quen

posúe o orixinal non o troca por unha fotocopia. A masa electoral depende da base social e non á inversa.

Pois ben, a creación da base social é o obxectivo fundamental do nacionalismo. Antes que na tribuna parlamentaria, e tamén para chegar a ela, hai que sementar conciencia nos centros de traballo, nos lugares de ocio, nas asociacións profesionais. Tarefa esta colectiva, non reservada aos doce apóstolos que asumen a responsabilidade dunha campaña electoral. Hai que aprender a discutir cos argumentos nosos. Non os que subministra a prensa e os tertulianos sabichóns. Se unha organización política permanece no desleixo de afiliar sen educar, o seu final teno cantado. Pola amortización da súa ideoloxía ou por transformación noutras diferentes. Non é preciso retornar ao Vello Testamento. Temos no Novo exemplos ilustrativos. Antes que o carné hai que entregarlle os principios ideolóxicos á nova afiliación. ¿Faise deste xeito? Sigamos buscando o símil nas Sagradas Escrituras. Antes de saíren a evanxelizar, os apóstolos recibiran as lapas de pentecostés.

O nacionalismo ten na síntese que publicamos as lapas, que, recibidas dos nosos devanceiros, foron actualizadas polos compañeiros que acababan de saír da ditadura. É preocupante que despois de sete lustros o seu contido sexa aínda descoñecido por moitos militantes. Veñen sendo reiterativas as convocatorias de asembleas comarcais ou nacionais, para buscar a rexeneración cando a organización

sae azoutada das urnas. Perda de tempo. A solución é a do estudante suspendido en xuño. Volver en setembro cos temas aprendidos. Os que están no libro. E no libro nós temos os principios que hai que levar á sociedade. Para conseguilo debemos clarificar primeiramente á militancia. Convenzamos o pobo de que renegar do seu idioma é renunciar ao propio orgullo, e un pobo sen orgullo é vítima propicia de recortes, de marxinação e da perda de dereitos. Só é posíbel marxinar a quen se marxinou primeiro renunciando a súa identidade. ¿Como converter a conciencia minoritaria en colectiva? Abríndose á sociedade, nun sentido inverso ao pexorativo e claudicante co que se vén utilizando este concepto. Abrirse, non para inhalar a polución que vén de fóra, senón para fulminar e descontaminar o ambiente. Cando se consiga que pense en galego o pobo, en galego pensarán tamén as urnas.

Nos tempos da clandestinidade tiñan menor importancia o panfleto e os graffiti que a formación ideolóxica, impartida en cursos que debían burlar a vixilancia policial. Desta formación viviu o nacionalismo nas etapas de maior esplendor. Cando tirou a cartilla e se limitou a traducir ao galego o pensamento español, foi cando empezou a esvarar pola pendiente. Unha advertencia. Para que se nos entenda mellor, non hai contido ideolóxico propio cando unha campaña electoral se envolve en modelos que serven para nós e para os outros. Convocar asembleas para encher as horas

debatendo relatorios é a mellor maneira de perder o tempo. A solución é moi simple, aínda que poida ser que sexa máis difícil. Levemos á práctica o que hai moito tempo que está escrito. Parodiemos ao poeta: “Non convén escribir máis, xa se escribiu por todas e para sempre”. Levemos aos bares, aos centros de traballo, as reunións de amigos, a explicación da nosa dependencia e as fórmulas polas que pasa a emancipación do país.

¿Fíxose así? Reunirse só para facer e distribuír cartaces é converter en peóns os que deben ser enxeñeiros da política. Tomemos a palabra rexenerar na súa acepción semántica. Devolverlle ao corpo as calidades que tiña e que perdeu. Volvamos ao que a AN-PG pretendía en 1978. Ofrecer un corpo teórico aberto á discusión da militancia nacionalista. A discrepancia con algunha das teorías expostas neste traballo non sería grave. O incomprensíbel é que o nacionalismo lle dese postos de responsabilidade e representación a quen as ignora. Por querer abarcar moito perdeuse case todo. Convenzámonos de que as asembleas deixen de ser centros de información para selo de formación.

Bautista Álvarez